



## Convocatoria para participar no programa **EduTecEmprende**

Este programa, que se enmarca no Plan de Emprendemento no Sistema Educativo, **Eduemprende**, vai dirixido a motivar e sensibilizar o alumnado de diferentes niveis educativos no espírito emprendedor a través do coñecemento da realidade empresarial e tecnolóxica da súa contorna, así como a promover a súa achega ás áreas STEM.

### Características do programa

O programa EduTecEmprende consiste na visita a empresas e centros tecnolóxicos da nosa comunidade, nas que o alumnado terá a oportunidade de entrar en contacto con novas técnicas de produción, tecnoloxías intelixentes no seo da industria 4.0 e diversas profesións, a través das experiencias dos traballadores e das traballadoras, e coñecer o funcionamento dun centro tecnolóxico.

Previamente á visita, o centro traballará a actividade propia da empresa ou do centro tecnolóxico que se lle asigne, así como a súa implicación no sector produtivo correspondente, incorporando as actitudes e os valores propios do emprendemento.

Rematado o programa, o profesorado coordinador enviará unha memoria do traballo efectuado, na que se recolla o traballo realizado e as conclusións das persoas participantes.

Desenvólvese en dúas modalidades:

- Modalidade A (ver anexo II).
- Modalidade B (ver anexo III).

### Financiación

Os centros recibirán unha achega económica para o desenvolvemento do programa con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.422M.640.20 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 ata un máximo de 20.000€ e condicionada á asistencia de crédito. Se o número de solicitudes superase o importe límite indicado, realzarase unha diminución proporcional no orzamento solicitado.

O importe da achega deberá ser específica para cada empresa ou centro tecnolóxico solicitado ata un máximo de 300€. Dita información recollerase no anexo I.

## Destinatarios

Poderán presentar solicitudes os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Este programa vai dirixido ao alumnado de 3º e 4º de ESO, bacharelato e formación profesional.

## Solicitud

Cada centro poderá enviar unha única solicitude, segundo o anexo I, na que poderá solicitar máis dunha visita, establecendo unha orde de prioridade.

Para cada visita indicará o orzamento que corresponda. A solicitude enviarase ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es), indicando como asunto: **EduTecEmprende**.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 18 de febreiro de 2020.

## Selección dos centros

A selección de centros realizarase por rigorosa orde de entrada das solicitudes no enderezo [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) e a asignación de empresas e centros tecnolóxicos farase tendo en conta a prelación establecida nas solicitudes e as condicións de dispoñibilidade do centro ou a empresa receptores. Asignarase unha visita por centro. No caso de quedaren prazas vacantes, poderase adxudicar máis dunha visita.

O máximo de alumnado por visita establécese en cada un dos anexos correspondentes, Modalidade A (empresas) e Modalidade B (centros tecnolóxicos).

## Certificación

O traballo realizado polo profesorado coordinador deste programa nos centros solicitantes será recoñecido pola Administración educativa como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 12 horas de formación permanente do profesorado.

Para o recoñecemento como actividade de innovación educativa será necesaria a valoración positiva da memoria e unha certificación da dirección do centro na que figure o profesorado coordinador do programa e as funcións realizadas.



### Anexo I: Solicitud

Datos do centro		
Nome do centro	Código do centro	
Datos do/da coordinador/a		
Nome do coordinador/a	Teléfono de contacto	Enderezo electrónico
Datos do alumnado		
Número de alumnos/as participantes	Curso	
Datos da empresa ou do centro tecnolóxico que se solicita		
Modalidade A	Nome da empresa	Achega solicitada
Modalidade B	Nome do centro tecnolóxico	Achega solicitada
Data de preferencia para a visita (de ser o caso)		
Sinatura do/da director/a do centro	Sinatura do/da coordinador/a	





## Anexo I: Solicitud (continuación)

### Información básica sobre protección de datos persoais e dereitos dixitais

Responsable do tratamento.	Xunta de Galicia. Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Secretaría Xeral Técnica.
Finalidades do tratamento	Xestionar o presente procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven, e informar sobre o seu estado de tramitación.
Lexitimación para o tratamento.	Cumprimento dunha misión de interese público (LOE) e, de ser o caso, consentimento da persoa interesada. <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>
Destinatarios/as dos datos.	As empresas e os centros tecnolóxicos, cando corresponda, e unicamente para lles facilitar a información que sexa estritamente necesaria para o desenvolvemento da actividade solicitada nas súas instalacións.
Exercicio de dereitos.	As persoas interesadas poderán acceder aos seus datos, rectificalos e suprimilos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das oficinas de Rexistro e Información propias da Xunta de Galicia, segundo se recolle en: <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos</a>
Contacto delegado de protección de datos e información adicional.	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>

Nota: en cumprimento do establecido na Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dos dereitos dixitais, e do previsto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, infórmase de que os datos que nos facilite mediante a formalización do presente formulario pasarán a formar parte dun arquivo propiedade do Servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas, da Subdirección Xeral de Formación Profesional, e de que se utilizarán exclusivamente para tramitar a súa solicitude e para lle enviar a información pertinente. Así mesmo, infórmase a vostede de que pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través de: <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>

**Lin e estou de acordo con estas condicións**

## Anexo II: Modalidade A

### 1. Visitas a concesionarios de automoción Pérez Rumbao

#### Características da visita

Alumnado de 4º de ESO, bacharelato e ciclos de FP. Máximo de 30. A visita realizarase no concesionario máis próximo ao lugar onde se sitúe o centro.

As visitas aos concesionarios realizaranse os **martes, mércores e xoves** de cada semana.

Horario de visita: de 09:45 horas a 12:30 horas.

Calendario de 2020	Días dispoñibles por mes
Marzo	3, 4, 5, 10, 11, 12, 17, 18, 24, 25, 26, 31.
Abril	1, 2, 14, 15, 16, 21, 22, 23, 28, 29, 30.
Maio	5, 6, 7, 12, 13, 14, 19, 20, 21, 26, 27, 28.
Xuño	2, 3, 4, 9, 10, 11.

#### Obxectivos

1. Descubrir oportunidades profesionais en concesionarios oficiais de automoción da man da empresa líder en Galicia.
2. Coñecer as marcas máis importantes de turismos e vehículos comerciais desde dentro.
3. Acceder a unha variada carreira multiprofesional en automoción sempre na vangarda tecnolóxica.
4. Descubrir as últimas novidades en automoción: interconectividade, motorizacións e *customer experience*.
5. Obter certificacións oficiais das marcas premium.

#### Programa: horario de visita de 09:45 a 12:30

09:45-10:00 Recepción do alumnado (máximo 30).

10:00-12:30

- **Percorrido** por un concesionario oficial de automóviles ou camións, que incluírá identificación de marcas premium, segundo a localidade (Santiago, Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra).
- **Visita** ao servizo posventa.
- **Visita** aos obradoiros de electricidade, electrónica, mecánica, recambios, chapa e pintura.

O enderezo de visita en cada localidade indícarase de acordo coa dispoñibilidade dos concesionarios.

Rógase confirmar necesidades especiais de mobilidade.

Rógase confirmar a data da visita co/coa organizador con 15 días de antelación.

**Grupos para a visita: 30 alumnos/as + 2 profesores/as.**

## 2. Visita á Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo

### Características da visita

Alumnado de 3º e 4º de ESO, e ciclos de FP. Máximo de 25. A visita realizarase na explotación forestal máis próxima ao concello onde se sitúe o centro. Unha semana antes da visita, os centros solicitantes serán informados do enderezo exacto.

As visitas ás explotacións forestais realizaranse os **martes, mércores e xoves** de cada semana en función da súa dispoñibilidade.

Horario de visita: de 09:45 horas a 13:00 horas.

Calendario de 2020	Días dispoñibles por mes
Marzo	3, 4, 5, 10, 11, 12, 17, 18, 24, 25, 26, 31.
Abril	1, 2, 14, 15, 16, 21, 22, 23, 28, 29, 30
Maio	5, 6, 7, 12, 13, 14, 19, 20, 21, 26, 27, 28.
Xuño	2, 3, 4, 9, 10, 11.
Obxectivos	
1. Acceder ao sector forestal en xeral.	
2. Coñecer as actividades de aproveitamento forestal.	
3. Descubrir os postos de traballo que precisa o sector.	
4. Decatarse da formación necesaria para o desempeño laboral no sector forestal.	
Programa: horario de visita de 09:45 a 13:00	
09:45-10:00 Recepción do alumnado no propio centro de educativo ou nun lugar próximo á visita, para facer unha pequena presentación (máximo 25).	
10:00-13:00 - <b>Desprazamento</b> ao monte en autobús (este desprazamento é gratuíto). - <b>Visita</b> a unha explotación forestal, coa colaboración dunha empresa do sector, para: 1) Análise da planificación da actividade de aproveitamento forestal. 2) Exposición dos equipamentos de traballo: motoserra, colleitadora forestal, autocargador forestal e empacadora de biomasa. - <b>Toma de contacto</b> cun simulador de autocargador e colleitadora forestal.	
Grupos para a visita: máximo de 25 alumnos/as + 2 profesores/as.	

### 3. NATURGY (visita centrais de enerxía)

#### Características da visita:

Alumnado de bacharelato e de ciclos formativos. Máximo de 30. A visita realizarase na central que determine Naturgy, segundo a dispoñibilidade

Sen prexuízo do establecido no calendario que figura neste anexo, as datas para visitar as centrais poderán variar en función da dispoñibilidade do equipo técnico da central e dos protocolos de seguridade de Naturgy.

Horario de visita: de 09:45 horas a 13:00 horas

Calendario de 2020	Días dispoñibles por mes
Marzo	12, 26
Abril	23
Maio	14, 28
Xuño	7

#### Programa: horario de visita de 09:45 a 13:00

09:45-10:00	Recepción do grupo a cargo do/da educador/a na central.
10:00-10:30	O/a educador/a explícalle ao grupo a visita, coméntanse os aspectos relacionados coa seguridade e iníciase unha conversa co alumnado sobre os seus intereses e o seu coñecemento sobre a enerxía.
10:30- 12:30	Visita á central co/coa técnico/a asignado/a.
12:30- 13:00	Rolda de preguntas, curiosidades e despedida do grupo.

**Grupos para a visita:** máximo de 30 alumnos/as + 2 profesores/as.

#### 4. Aluminios Cortizo SAU

##### Características da visita

Alumnado de bacharelato científico-tecnolóxico e de ciclos de FP. Máximo de 35. A visita realizarase na sede central de Aluminios Cortizo en Padrón, A Coruña. Horario de visita de 09:30 horas a 12:30 horas, para FP, e de 10:30 a 12:30 para bacharelato.

Calendario de 2020	Días dispoñibles por mes
Marzo	17
Abril	28
Maio	21
Xuño	11

Obxectivos	
1. Aprender fórmulas para establecer unha marca persoal, procura de emprego, redes sociais, como preparar unha entrevista... (obradoiro de empregabilidade).	
2. Coñecer cada etapa do proceso produtivo que leva a cabo a empresa co aluminio: fundición, extrusión, lacado, anodizado, almacenaxe, embalaxe, loxística e distribución (sede central de Aluminios Cortizo).	
Destinatarios: alumnado de bacharelato científico-tecnolóxico e de ciclos de FP. Familias:	
Familia de Edificación e Obra Civil.	CS Proxectos de edificación. CS Proxectos de obra civil.
Familia de Electricidade e Electrónica.	CS Automatización e robótica industrial. CS Mantemento electrónico. CS Sistemas electrotécnicos e automatizados.
Familia de Mecánica.	Completa.
Familia de Informática e Comunicacions.	CS Administración de sistemas informáticos en rede. CS Desenvolvemento de aplicación multiplataforma.
Familia de Instalación e Mantemento.	CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos. CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos. CS Mecatrónica industrial.
Familia de Química.	CS Laboratorio de análise e de control de calidade. CS Química ambiental.
Programa: horario de visita de 09:30 a 12:30 (FP), e de 10:30 a 12:30 (bacharelato).	
09:30-10:30: Obradoiro de empregabilidade (no caso de alumnado de FP).	
10:30-12:30: Visita á sede central de Aluminios Cortizo.	
Rógase confirmar necesidades especiais de mobilidade. Neste caso é necesario comunicarllo á empresa, debido a que na visita habitual podería existir algún impedimento.	
Grupos para a visita: máximo de 33 alumnos/as + 2 profesores/as.	



## Anexo III: Modalidade B

### 5. ANFACO-CECOPECA

#### Características da visita:

Alumnado de ciclos formativos, de 4º de ESO e de bacharelato. Máximo de 30.

A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico situada no seguinte enderezo: estrada Colexio Universitario 16, 36310, Pontevedra.

Horario de visita: de 12:00 horas a 14:00 horas

Calendario de 2020	Días dispoñibles por mes
Marzo	3, 24
Abril	15, 28
Maio	12, 26
Xuño	4, 9

**Programa:** horario da visita: de 12:00 a 14:00.

12:00-12:10	Recepción do alumnado.
12:10-12:30	Presentación inicial de ANFACO-CECOPECA.
12:30-13:00	Museo da Industria Conserveira. Traxectoria e evolución tecnolóxica do sector.
13:00-13.30	Visita aos laboratorios.
13.30-14:00	Visita á planta piloto de experimentación.
14:00	Fin da visita.

**Grupos para a visita:** máximo de 30 alumnos/as + 2 profesores/as.

## 6. AIMEN Centro Tecnolóxico

### Características da visita:

Alumnado de ciclos superiores de ramas técnicas e de bacharelato. Máximo de 30.

A visita realizarase na sede do Centro Tecnolóxico, no seguinte enderezo: rúa Relba 27 A. Torneiros, 36410, O Porriño (Pontevedra).

As visitas a AIMEN Centro Tecnolóxico realizaranse os **martes, mércores e xoves**, en horario de mañá, de febreiro a xuño. A data para visitar o Centro Tecnolóxico debe ser concertada previamente con este.

Horario de visita: de 10:00 horas a 12.00 horas.

Calendario de 2020	Días dispoñibles por mes
Marzo	3, 4, 5, 10, 11, 12, 17, 18, 24, 25, 26, 31.
Abril	1, 2, 14, 15, 16, 21, 22, 23, 28, 29, 30
Maio	5, 6, 7, 12, 13, 14, 19, 20, 21, 26, 27, 28.
Xuño	2, 3, 4, 9, 10, 11.

Programa: horario da visita de 10:00 a 12:00	
10:00-10:05	Benvida no vestíbulo do edificio Armando Priegue (Torneiros).
10:05-10:15	Presentación de AIMEN no salón de actos.
10:15-10:20	Inicio da visita ao centro Armando Priegue (formación de grupos, se for preciso).
10:20-11:00	Visita ao laboratorio de análise química-instrumental.
	Visita ao laboratorio de metalografía.
	Visita ao taller mecánico de ensaios físicos dos materiais.
11:00-11:10	Traslado ao centro de aplicacións láser.
11:10-11:50	Visita á planta de tecnoloxías láser.
11:50-12:00	Despedida no vestíbulo do centro de aplicacións láser.
Grupos para a visita: máximo de 30 alumnos/as + 2 profesores/as.	



## 7. Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño

### Características da visita:

Alumnado de ciclos formativos de FP. Máximo de 25.

A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico, no seguinte enderezo: A Cabana s/n, 15590, Ferrol (A Coruña).

As visitas ao Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño realizaranse o **segundo venres** de cada mes.

Horario de visita: de 09:45 horas a 12:30 horas.

Calendario de 2020	
13 marzo	
17 abril (non é 2º venres)	
15 maio	
29 maio	
12 xuño	
Programa: Horario da visita: 9:45 a 12:30.	
9:40	Recepción do alumnado no recibidor do edificio principal.
9:45-10:00	<b>Presentación do Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño</b> Presentación sobre a historia do centro, principais proxectos realizados e liñas de traballo actuais.
10:00-10:05	<b>Organización do alumnado en dous grupos (grupo 1 e grupo 2) para as visitas.</b>
10:05-10:45	<b>Grupo 1: visita ao showroom</b> - Lentes de realidade virtual HTC Vive, onde se pode ver un simulador virtual de vernizadura. - Lentes de realidade virtual Oculus Rift, onde se pode facer un percorrido virtual por un buque. - Realidade aumentada con dispositivos móbiles orientada a mantemento de equipamentos industriais e márketing. - CAVE: contorno inmersivo formado por catro pantallas de grandes dimensións.
	<b>Grupo 2: visita aos demostradores</b> - Lentes de realidade aumentada Magic Leap para visualizar o mantemento dun incinerador de residuos. - Lentes de realidade aumentada Hololens para visualizar o mantemento dun compresor de aire. - Control dimensional sen contacto.
10:45-11:30	<b>Grupo 1: visita aos demostradores.</b>
	<b>Grupo 2: visita ao showroom.</b>
11:30-11:45	<b>Descanso.</b>
11:50-12:30	<b>Visita á materioteca.</b>
Grupos para a visita: máximo de 25 alumnos/as + 2 profesores/as.	

## 8. GRADIANT

### Características da visita:

A visita está dirixida a alumnado de 4º de ESO, de bacharelato e de ciclos formativos de formación profesional. O número máximo de alumnos/as por visita será de 35.

As visitas a Gradiant realizaranse en abril e maio de 2020.

A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico, situada no seguinte enderezo: Fonte das Abelleiras s/n. Edificio CITEXVI, 36310 Vigo.

Horario da visita: na faixa horaria de 10:00 a 14:00 terá lugar o desenvolvemento da visita, que durará unha hora. Os centros educativos solicitantes poderán elixir o momento de chegada ao centro tecnolóxico e deberán indicar o seu horario de preferencia na súa solicitude.

Calendario de 2020	Días dispoñibles por mes:
Abril	<b>23</b> (xoves)
Maio	<b>5, 12</b> (martes)
<b>Programa:</b> horario da visita entre 10:00 a 14:00 horas.	
<b>Duración da visita:</b> 1 hora.	
15 minutos	Benvida e charla sobre a contorna I+D+i TIC e o papel dos centros tecnolóxicos.
35-45 minutos	Visita ás instalacións e demostracións en directo.
<b>Grupos para a visita:</b> máximo de 35 alumnos/as + 2 profesores/as.	

## 9. ENERGYLAB

### Características da visita:

Alumnado de ciclos formativos, de 4º de ESO e de bacharelato. Máximo de 25.

As visitas a Energylab realizaranse en maio de 2020. A visita realizarase na sede do centro tecnolóxico, no seguinte enderezo: rúa Fonte das Abelleiras, s/n. 36310, Vigo.

Horario da visita: de 9:30 a 12:00 h

<b>Calendario de 2020</b>
<b>08 de maio de 2020</b>

<b>Programa: horario da visita de 9:30 a 12:00 horas.</b>	
9:30-9:45	Recepción do alumnado.
9:45-10:45	Charla divulgativa: que son a eficiencia enerxética e o cambio climático? Que é a enerxía? Como podemos colaborar co cambio climático?
10:45-11:00	Que facemos en EnergyLab?
11:00-12:00	Visita ao laboratorio de biogás. Visita ao laboratorio de motores. Visita ao laboratorio de biomasa.
<b>Grupos para a visita: máximo de 25 alumnos/as + 2 profesores/as.</b>	